

# Proxecto EPÍSTOLA



## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Ramón Piñeiro, a Luís Seoane do 30/01/1958**

**Colección:**

**Data:** 30/01/1958

**De:**

Ramón Piñeiro;

**Para:**

Luís Seoane;

**Orixe:**

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

**Destino:**

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada con firma autógrafa]

**Localización física:**Fundación Luis Seoane

**Temáticas:**

*A soldadeira* ; Artes; Artes escénicas; Literatura;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

## **Transcripción da epistola de Ramón Piñeiro, a Luís Seoane do 30/01/1958**

Compostela, 30 de xaneiro de 1958  
Sr. D. Luis Seoane  
B. Aires

Meu querido amigo:

Recibín e lin con todo interés o teu novo libro *La soldadera*. Pra che decir a verdade, estou mesmamente asombrado da tua extraordinaria capacidade creadora, non menos sorprendente pola intensidade que pola diversidade dos seus campos de cultivo. Semella talmente que tiveras dentro de tí a enerxía de media dúcea de homes dinámicos. Como eu non teño nin a décima parte desa capacidade de traballo, ademiro moito, cada día máis, a tua inesgotábel fertilidade espritoal. Desta máis recente obra pouco che poido decir dada a miña impericia crítica en materia de teatro, que quizais seña estensiva a toda materia literaria a xuzgar polas airadas protestas que teñen provocado os poucos xucios valorativos que fixen en tal terreo. Vexo que insistes unha vez máis, nesta ocasión por vía teatral, en lles percurar ouxetividade artística ás tuas vellas e sinceras inquedanzas de tipo social–revolucionario. Tes pleno dereito a facelo, que duda cabe, máis aínda no teu caso, en que tales inquedanzas responden a sentimentos moi arraigados. Pro non deberás esquencer, con todo, que tal camiño é abondo arriscado, como se pode ver contemplando a gran cantidade de producións artístico–literarias dise tipo nas que os resultados estéticos son tremendamente febles. Cando un escritor ou un artista se pon a dar voltas e máis voltas arredor dunha ideoloxía –seña ou non revolucionaria, pois o resultado é o mesmo– acércase perigosamente ó artificio, que é bastante distinto –tí sábelo millor que eu– do arte verdadeiro. O xirar demasiado insistentemente arredor dun punto, ademáis de que impide unha visión crara da realidade... produce mareo. Afortunadamente, a ti non che ten ocorrido tal cousa polo dagora. Pro tamén é ben certo que estás en perigo de que che chegue a ocorrer algún día. Por eso che falo desto, con amistosa lealtade, pois eu de todo corazón desexo que sigas libre dise perigo certo. E non vaias pensar, como tantas veces lle ocorre ó editorialista de Galicia Emigrante, que todolos que en Galicia renunciámos ó cultivo da literatura ou do arte como instrumento de propaganda social-revolucionaria estamos anestesiados pra o problema da xusticia social. Nono penses, pois si o pensases, equivocaríašte tan rotundamente como ise editorialista, cuas elucubracións, por certo, a min resúltanme sumamente simpáticas cando descarga nelas toda a inocente cólera pueril que domina ás veces o seu esprito, sin duda porque non pode evitar que o corazón lle asoballe a cabeza máis veces das necesarias. O que ocorre éche moi sinxelo de explicar: somos moitos os que distinguimos nidiamente o problema da xusticia social como un fin en si mesmo, do “problema social” como vehículo propagandístico ó servizo de fins distintos. A confusión arte-literatura-loita de clases-revolución, tan en boga fai 25 ou 30 anos, cando nós eramos rapaces, hoxe en Europa é un puro anacronismo (e Galicia, craro está, pertenece a Europa). O tempo non pasa en valde. Nin os rapaces de hoxe coma fai 25 anos pensaban os rapaces, nin os homes maduros pensan hoxe o mesmo que cando eran rapaces, fai 25 ou 30 anos. A experiencia vital de cada un e maila experiencia histórica co leitiva non foron infecundas en orde á evolución do pensamento. A peor traxedia que lle pode pasar a un home é quedarse atrás en relación co tempo, “estancarse”

nunha etapa da súa vida, por exemplo na mocidade, porque queda convertido paradoxicamente nun «vello» condenado a unha crecente e amarga soedade. Por eso, á altura do tempo en que vivimos, o noso amor á xusticia –tanto á xusticia social, como ás demais– non nos impide saber que a literatura, o arte e a cultura en xeneral valen por si mesmas e representan un papel propio no destino da humanidade que non se identifica necesariamente co papel do mero propagandismo revolucionario. Canto máis teñades esto en conta menos vos equivocaredes ó xuzgar as cousas de aquí.

[Escrito a man]

Bueno, acabóuseme o papel. Unha aperta moi forte do teu amigo.

Ramón Piñeiro

---

Créditos do proxecto web

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.